



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN

Referencia: PCO.001.2023.00507

RESOLUCIÓN POLA QUE SE ADXUDICA O CONTRATO DE SERVIZOS DE XEOLOCALIZACIÓN E XESTIÓN DA FROTA DE VEHICULOS DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, NA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (“RENTING”), CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00507

Don VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, Presidente da Deputación provincial da Coruña:

ANTECEDENTES

1º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 3 de xuño de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00507, acordou admitir na licitación as seguintes ofertas:

- 1 INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L.
- 2 IONOSPHERE TECHNOLOGY, S.L.
- 3 DEIMOS SPACE, S.L.U.
- 4 TRACK THE LIFE, S.L.U.

2º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 21 de xuño de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00507, acordou:

2.1.- Excluir da licitación a oferta presentada por TRACK THE LIFE, S.L.U. por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos establecida no anexo número 2 do prego de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co establecido na cláusula 13 do prego.

2.2.- Outorgar un trámite de audiencia a INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L. para que xustificara a oferta, que contiña valores que podían considerarse anormais ou desproporcionados.

3º.- A Mesa de Contratación na súa sesión de data 01 de agosto de 2024 en relación co expediente PCO.001.2023.00507 considerou xustificada suficientemente a oferta de INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L. e propuxo a adxudicación á dita empresa, que presentou a oferta máis vantaxosa para a contratación mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación do contrato de SERVIZOS DE XEOLOCALIZACIÓN E XESTIÓN DA FROTA DE VEHICULOS DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, NA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (“RENTING”), CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00507

4º.- Mediante Resolución da Presidencia número 32352 de data 5 de agosto de 2024 requiriuse a INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L. para que presentase a documentación esixida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Visto que a citada entidade presentou a documentación requirida,

RESOLVO:

1º) Ratificar a exclusión da oferta presentada por TRACK THE LIFE, S.L.U. por non alcanzar a puntuación mínima de 20 puntos establecida no anexo número 2 do prego de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co establecido na cláusula 13 do prego.

2º) Adxudicar mediante procedemento aberto con multiplicidade de criterios de adxudicación o contrato de SERVIZOS DE XEOLOCALIZACIÓN E XESTIÓN DA FROTA DE VEHICULOS DO PARQUE MÓBIL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA, NA MODALIDADE DE ARRENDAMENTO CON MANTEMENTO (“RENTING”), CÓDIGO EXPEDIENTE PCO.001.2023.00507 á empresa INTELLIGENCE TRACK EUROPE, SOCIEDADE LIMITADA, NIF B37547866, con domicilio na rúa LUIS DE GÓNGORA, 9 BAJO; 37003 SALAMANCA, nas seguintes condicións:

2.1 Información do contrato:

Tipo de contrato: servizos

Procedemento: aberto con multiplicidade de criterios

2.2 Prezo:

A) Prezo sen IVE:	28.106,00 €
B) Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) ao 21%:	5.902,26 €
C) Prezo total:	34.008,26 €

2.3 Outras condicións da oferta:

Concepto	Unidades	Precio unitario 24 meses	Precio 24 meses
Localizadores	46	82,28	3.784,88
Instalación	46	78,65	3.617,90
Software de xestión	46	578,38	26.605,48
Prezo, IVE incluído, para dous anos de duración do contrato		739,31	34.008,26

2.4 Prazo de execución: A duración do contrato é de dous anos dende o día seguinte á formalización da acta da primeira instalación dos localizadores nos vehículos, o que deberá realizarse nun prazo máximo de dez días hábiles dende o día seguinte á data de formalización do contrato.

2.5 Financiamento: O contrato poderá financiarse do seguinte modo, sen prexuízo do axuste de anualidades que procede en función da data efectiva de formalización do contrato:

Aplicación	Número de vehículos	2024 6 meses	2025 12 meses	2026 6 meses	Total
0115/4501/213	20 vehículos	3.696,55	7.393,10	3.696,55	14.786,20
0115/92013/213	26 vehículos	4.805,51	9.611,04	4.805,51	19.222,06
Total	46 vehículos	8.502,06	17.004,14	8.502,06	34.008,26

Aplicación	Ano	Período	número operación	orçamento	prezo	economía
0115/4501/213	2024	6 meses	A 220240021714	6.347,95	3.696,55	2.651,40
	2025	12 meses	AP 220249000298	12.695,90	7.393,10	5.302,80
	2026	6 meses		6.347,95	3.696,55	2.651,40
0115/92013/213	2024	6 meses	A 220240021714	8.252,34	4.805,51	3.446,83
	2025	12 meses	AP 220249000299	16.504,67	9.611,04	6.893,63
	2026	6 meses		8.252,34	4.805,51	3.446,83
Total				58.401,15	34.008,26	24.392,89

Por tratarse dun contrato de carácter plurianual, financiarase conforme o disposto no artigo 174 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

O contrato quedará suxeito á condición suspensiva da existencia de crédito adecuado e suficiente para financiar as obrigacións derivadas do contrato no exercicio correspondente.

2.6 De conformidade co disposto no artigo 151 da LCSP, indícase que:

Resultaron admitidas para participar na licitación as seguintes ofertas:

INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L.
IONOSPHERE TECHNOLOGY, S.L.
DEIMOS SPACE, S.L.U.

A empresa INTELLIGENCE TRACK EUROPE, S.L.. presentou a oferta con mellor relación calidade-prezo que se considerou xustificada suficientemente e, en virtude desta resolución, é a adxudicataria deste contrato. As características e vantaxes da súa proposición que determinaron que fose seleccionada a súa oferta son as seguintes:

No referente aos criterios non avaliados de forma automática obtivo unha puntuación de 35 puntos, obtendo a mellor puntuación, igualada coa segunda oferta.

Polo que respecta ao criterio de valoración automática, obtivo a máxima puntuación, de 60 puntos.

3º) Requirir ao adxudicatario para que concorra a formalizar o contrato o día que para o efecto se lle sinale, previo depósito na Caixa da Corporación das taxas por formalización de contratos administrativos, advertíndolle de que si non cumpriese os requisitos para a celebración do contrato no prazo establecido, seguiranse os trámites e efectos previstos no artigo 153.4 da LCSP.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderá optar por interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición ante o Presidente da Deputación provincial da Coruña, dentro do prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da notificación do presente acordo. Non seu caso, poderá interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña, dentro do prazo de dous meses, contados desde o día seguinte ao da notificación da presente resolución. Non obstante, se o considerase conveniente, pode exercitar calquera outro recurso que estime pertinente